

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (sede.vilagarcia.gal)
CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:10 do día 26 de outubro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 17 de outubro de 2017.
2. Toma de coñecemento dos decretos da alcaldía emitidos no mes de setembro de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro por parte de D. Tomás Fole Díaz, así como de outra integrante da candidatura do Partido Popular.
5. Toma de coñecemento do informe morosidade, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de Modificación da Lei 3/2004, 29 de decembro, 3º trimestre 2017.
6. Manifiesto do Consello Municipal sobre o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.
7. Aprobación, se procede, Expediente Modificación de Crédito por Crédito Extraordinario nº04/ce/2017 (obra Praza de Abastos) e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº03/cf/2017.
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa a retirada do Proxecto de Lei de Portos de Galiza
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa ao arranxo e acondicionamento de diversos lugares de Rubiáns.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa a corrección do pintado nos pasos para ciclistas.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa ao asentamento da vespa velutina.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á loita contra os lumes forestais.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polos grupos Políticos Municipais de EU e Somos Maioría sobre a reapertura da actividade mineira na mina de “San Rafael” en Touro.
14. Interpelacións ou control das decisión do grupo de goberno.

15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Rogos e preguntas.
17. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 17 DE OUTUBRO DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 17 de outubro de 2017. Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade a acta do 17 de outubro de 2017.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2017.: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1 Concesión de licenza de obra
- 1 Concesión de licenza para acometida e conexión de auga
- 1 Orde cambio de titularidade no catastro inmobiliario de fincas
- 2 Aprobación de liquidacións
- 4 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2017

Nº DESCRICIÓN

- 17 Concesión de licenza de obra
- 22 Aceptación comunicación previa e documentación para realización de obras ou instalacións
- 2 Concesión de prórroga para execución de obra
- 1 Conformidade a proxecto de execución
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obras
- 17 Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento de hostalería
- 1 Aprobación ampliación de terraza en establecemento de hostalería
- 3 Denegar instalación de terraza establecemento de hostalería
- 2 Orde concesión de prazo para solicitude de licenza municipal para legalización de obras
- 1 Desestimación de alegacións e orde presentación informe-ditamen de seguridade
- 2 Requerimento presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores da edificación
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 5 Incoación de expedientes de reposición da legalidade urbanística
- 3 Orde de concesión de prazo para demolición de edificación
- 1 Desestimación recurso de reposición e demolición de terraza
- 1 Requerimento para realización de obras en fachada de edificio
- 1 Ratificación multa coercitiva
- 3 Aprobación expediente de contratación
- 1 Declarar deserto procedemento de licitación
- 2 Autorización para realización de espectáculo pirotécnico
- 2 Autorización celebración de bailes e verbenas populares

- 4 Autorización para celebración de concertos e actuacións ao aire libre
- 10 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Concesión tarxeta de armas
- 4 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Aprobación expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 1 Aprobación de expediente de modificación de xeración de créditos
- 2 Orde de pago de facturas
- 1 Aprobación liñas fundamentais do orzamento consolidado para o exercizo 2018
- 20 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 1 Aprobación de gasto relativo á taxa por publicación de anuncio no BOP ou no DOG
- 1 Nomeamento Comisión de selección de Persoal
- 1 Aprobación de gasto Plan de Pensións do mes de agosto
- 2 Aprobación lista definitiva admitidos proceso selectivo
- 1 Aprobación oferta de emprego público 2017 FPSDM
- 3 Aprobación bases para selección de persoal
- 5 Nomeamento de funcionario interino
- 1 Designación Directora da Biblioteca en funcións
- 1 Concesión de gratificación especial por substitución de posto de categoría superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Desestimación de recurso de reposición sobre determinación das datas do gozo de vacacións
- 1 Asignación temporal de tarefas de conserxería a empregada municipal
- 1 Designación posto temporal a un Policía Local
- 1 Compensación económica vacacións non desfrutadas

TOTAL: 166

O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes:

-Asociación Arousa en Bici solicita intervir en relación coa moción do PP relativa á corrección do pintado do nos pasos para ciclistas (non comparecen).

-Dona Isabel García Vila solicita intervir en relación coa moción de EU e Somos Maioría sobre a reapertura da actividade mineira na mina de San Rafael en Touro.

A continuación pasase a tratar o asunto nº 13 da orde do día:

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA SOBRE A REAPERTURA DA ACTIVIDADE MINEIRA NA MINA DE "SAN RAFAEL" EN TOURO. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción conxunta presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de outubro de 2017, a seguinte moción urxente:

MOCIÓN DE REXEITAMENTO Á REAPERTURA DA ACTIVIDADE MINEIRA NA MINA DE "SAN RAFAEL", EN TOURO

Dende hai un tempo, unha iniciativa veciñal nos concellos de Touro e O Pino está a recadar apoios para evitar a posta en marcha dun proxecto de minería na súa comarca, que provoca graves problemas ambientais e que afectarían a calidade das augas do Río Ulla, río que non podemos esquecer é o que desemboca na Ría de Arousa, dentro do noso concello, proporcionándolle a auga ao banco marisqueiro do Carril, e ao entorno natural protexido da Illa de Cortegada.

Polo tanto, estes Grupos Municipais entenden que sobran motivos para que esa loita veciñal sexa tamén a nosa loita, e que nos poñamos de acordo para evitar que esta explotación mineira se reabra e mesmo se amplíe.

Non falamos dun capricho duns poucos; existen informes que avalan a súa reivindicación. De feito, no ano 1998 xa se advertía da contaminación das augas con motivo da acumulación de entullo existente froito da anterior actividade mineira que agora se pretende reabrir. Nese estudo catalogábase a auga como **non apta para consumo humano, nin para o baño nin para o regadío.**

A aposta polo espolio dos recursos naturais de Galicia que está a facer a Xunta, coa eliminación de calquera mecanismo de garantías ambientais e participativas, na elaboración de proxectos de megaminería -como é o caso do Proxecto de Lei de iniciativas empresariais que se está a punto de resolver na cámara Galega-, funciona como reclamo de moitos proxectos que supoñen un enorme risco ambiental, neste caso a resurrección do aproveitamento do cobre na mina de "San Rafael", en Touro.

O 25 de agosto, o D.O.G. recollía a convocatoria de información pública sobre a actualización da explotación deste proxecto mineiro nos concellos de Touro e do Pino, cando aínda están por resolver as gravísimas eivas na necesaria restauración derivada da oxidación dos sulfuros metálicos que están a provocar un desastre ambiental nas augas soterradas da comarca, desastre que, con este proxecto, lonxe de arranxarse verase fortemente incrementado.

Estamos ante unha nova proposta de espolio de recursos sen garantías ambientais promovida por capital chinés e chipriota, un novo elemento na venda do país que está a promover o Sr. Núñez Feijóo.

O proxecto está pensado para unha duración de 16 anos na explotación e unha ocupación de 689 hectáreas das que se pretenden extraer máis de 267 millóns de toneladas de material.

Non é de recibo que o proxecto non contemple, en ningún caso, abordar a situación de contaminación do río Portapego ni da balsa ácida de Angumil, cando parece claro que calquera proxecto debía facerse logo de solucionar os problemas ambientais actuais como requisito previo mínimo; non debera retomarse ningunha actuación mineira sen restaurar o dano causado con anterioridade. Pola contra, preténdese actuar sobre danos futuros sen a garantía de recuperar os xa presentes.

Isto é tan evidente que o proxecto contempla a creación de novos depósitos de estériles temporais e tamén posteriores á finalización do período útil da explotación.

A promotora pretende ademais a vertedura de mil millóns de litros anuais de augas de proceso ao medio, só durante os tres primeiros anos da explotación. Pretende tamén o desvío de dous cursos fluviais nos ríos Burgo e Puxeiros, sen aclarar se con isto abondará para atender as necesidades de auga da explotación, polo tanto sen abordar as necesidades de utilizar as traídas municipais ou os pozos e mananciais de carácter local e as afectacións que estes usos terán sobre a poboación. Debemos recordar os efectos que sobre a saúde da poboación teñen provocado as anteriores explotacións da mina, e polo tanto garantir que esta situación non se vai repetir.

A todas estas cuestións de carácter ambiental e sanitario debemos engadir as molestias e problemas que a explotación suporá para os núcleos de poboación que se atopan ao carón da explotación, po en suspensión, vibracións, ruído, etc.

O plan que a empresa presenta para o período posterior á actividade tampouco é capaz de achegar garantías sobre a inexistencia de episodios de filtración futura sobre as augas e mananciais da comarca.

Por último, esta actuación tamén afecta o noso patrimonio, xa que a franxa norte sitúase tan só a 2 km. do Camiño Francés.

Creemos que todo o que antecede é o suficientemente grave e preocupante para xustificar que esta corporación se opoña á posta en marcha desta actividade mineira, xa que podía afectar gravemente o entorno da Illa de Cortegada e os seus recursos marisqueiros tan coñecidos e apreciados.

Por iso facemos a proposta de adoptar o seguinte

ACORDO

1.- Manifestarlle á Xunta de Galicia o rexeitamento deste Concello á reapertura ou inicio da actividade mineira de cobre na Mina de San Rafael, nos Concellos de Touro e O Pino.

2.- Comunicarlles aos representantes dos Grupos Parlamentarios este rexeitamento, e que apoiem as iniciativas encamiñadas a impedir esta reapertura.

3.- Participar e promover a presentación de alegacións -antes de que remate o prazo o vindeiro día 6 de novembro- que manifesten a negativa á reapertura da actividade mineira, en calidade de afectado, por estar o noso concello situado na ribeira do Río Ulla.

En Vilagarcía de arousa a 23 de outubro de 2017

Jesús López Rodríguez Gaspar Antonio González Somoza

EU-Son Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación.

Intervén Dona Isabel García Vila para manifestar o rexeitamento á reapertura da actividade mineira na mina de San Rafael e Touro.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito e seis abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e:

1.- Manifestarlle á Xunta de Galicia o rexeitamento deste Concello á reapertura ou inicio da actividade mineira de cobre na Mina de San Rafael, nos Concellos de Touro e O Pino.

2.- Comunicarlles aos representantes dos Grupos Parlamentarios este rexeitamento, e que apoiem as iniciativas encamiñadas a impedir esta reapertura.

3.- Participar e promover a presentación de alegacións -antes de que remate o prazo o vindeiro día 6 de novembro- que manifesten a negativa á reapertura da actividade mineira, en calidade de afectado, por estar o noso concello situado na ribeira do Río Ulla.

Para acceder ás deliberacións e votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. TOMÁS FOLE DÍAZ, ASÍ COMO DE OUTRA INTEGRANTE DA CANDIDATURA DO PARTIDO POPULAR.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 16 de outubro de 2017 por D. Tomás Javier Fole Díaz, no que expresa a renuncia ao cargo de concelleiro.

Dáse conta así mesmo do escrito presentado por Dona Mónica María Miguéns Iglesias, renunciando a ser proclamada concelleira electa, ratificada pola comparecencia da Sra. Miguéns Iglesias ante a Secretaria da Corporación.

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PP nas eleccións municipais de 2015, sendo esta á que pertencen os/as renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D. MANUEL MENDEZ VARELA, que figura no posto 9 da mesma.

A Comisión queda sabedora

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. TOMAS JAVIER FOLE DÍAZ, así como de DONA MÓNICA MARÍA MIGUÉNS IGLESIAS e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo do Concelleiro Renunciante así como de Dona Mónica María Miguéns Iglesias, por D. MANUEL MÉNDEZ VARELA, remitindo a esta Corporación a credencial como tal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME MOROSIDADE, PREVISTO NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, 29 DE DECEMBRO, 3º TRIMESTRE 2017.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2017, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.515.336,27	149.546,36
Investimentos reais	122.798,59	46.053,10
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	1.638.134,86	195.599,46

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.132.529,75	42.143,49
Investimentos reais	119.906,51	1.660,12
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	114.443,28	6.529,59
TOTAL	1.366.879,54	50.333,20

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00 €.

Período medio de pago: 41,02 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	124.109,56	269,64
Investimentos reais	1.697,03	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	125.806,59	269,64

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	25.096,18	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	25.096,18	

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre da FPSDM con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00

Período medio de pago: 29,17 días

A comisión queda sabedora.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- MANIFIESTO DO CONSELLO MUNICIPAL SOBRE O DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

MANIFESTO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25 de Novembro

Un ano máis, o Concello de Vilagarcía súmase ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres, e ratifica o seu firme compromiso de rexeitamento da violencia contra as mulleres á vez que reitera a obriga de traballar ata conseguir a súa erradicación. Temos a convicción de que a tolerancia cero coa violencia machista e patriarcal debe ser un valor e como tal, defendido pola sociedade no seu conxunto.

Máis de 909 mulleres foron asasinadas en España, 57 en Galicia, polas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, data que marca o inicio da recollida de datos oficiais. A violencia machista é unha violencia que se dirixe contra as mulleres polo feito de selo baseada nun sistema de relación de dominación e desigualdade dos homes sobre as mulleres.

É unha forma de terrorismo ao que a cidadanía debería responder e non permanecer impasibles.

É unha terrible lacra social á que todos habemos de facer fronte.

No día de hoxe, e dende aquí, defendemos a igualdade entre mulleres e homes como principio fundamental. O noso compromiso contra a violencia machista é firme.

Unha sociedade moderna esixe avanzar cara a modelos de convivencia que garantan a seguridade e liberdade das mulleres, que garanta unha resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas.

A violencia machista é unha cuestión de Estado que non só afecta á metade da poboación e que ten unha causa estrutural que é a desigualdade entre mulleres e homes, e por tanto, para a súa erradicación deben comprometerse todos os recursos que sexan necesarios.

Este ano perdemos a gran oportunidade de asinar un Gran Pacto de Estado contra as violencias machistas, o texto aprobado, onde se recollen medidas no ámbito xudicial e policial, no deporte, na educación, na sanidade, no ámbito da empresa, da cultura e da publicidade e máis medidas de protección aos menores vítimas de violencia machista, é un avance pero aínda queda moito máis por facer. O Pacto de Estado carente dun enfoque feminista, é un acordo de mínimos, precisa de recursos para garantir o seu cumprimento e prazos que garantan a súa execución, polo tanto non podemos máis que seguir a demandar máis e mellores recursos para loitar contra esta lacra.

En primeiro lugar, hai que repoñer e dotar suficientemente as partidas orzamentarias e por obxectivos que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia integral das vítimas de violencia machista, dependentes tanto das Comunidades Autónomas como dos Concellos. Entendemos que é necesario crear un fondo específico de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os Centros de Información á Muller.

En segundo lugar hai que dotar de recursos suficientes para garantir a eficacia da Administración de Xustiza. Todos os estudos indicannos que as denuncias por violencia de xénero non aumentan. Apenas chegan ao 30% polo que o 70% queda impune. Hai que loitar contra esta impiedade para que as mulleres non sexan novamente agredidas pola violencia institucional por parte dun poder xudicial androcéntrico e patriarcal. Necesitamos poder confiar na Xustiza. Hoxe aproveitamos para subliñar a necesidade de poñer en marcha nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero o Acompañamento Xudicial Personalizado.

Cada denuncia retirada é un éxito dos agresores na súa estratexia do medo, da coacción, da ameaza. Por iso é necesario máis formación e información do persoal da Administración de Xustiza.

Sabemos que existen carencias na percepción do risco e nos informes psicosociais e que existe unha revitimización das mulleres polo que é necesaria a obrigatoriedade de formación específica na materia, tanto dos maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como de avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos Xulgados especializados de violencia de xénero.

A educación é outra das nosas preocupacións. Si non rompemos os ciclos, a violencia machista pasará de xeración en xeración por isto é absolutamente necesario incorporar ao currículo en todas as etapas educativas a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero.

Estamos convencidas de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que estean recollidas nela todas as manifestacións de violencia machista e non exclusivamente as que se producen en relacións de parella como ocorre neste momento, incluíndo tamén aquelas manifestacións de violencia fora do ámbito das relacións de parella e as exercidas contra os fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia.

Un bo exemplo desta diferenza sobre o concepto de vítima percíbese nas estatísticas publicadas sobre o número de casos de violencia: 40 segundo os datos oficiais e 84 segundo estatísticas de organismos independentes, que inclúen a todas as mulleres vítimas da violencia, exercida ou non, dentro da parella, así coma ós seus fillos e fillas.

Para rematar, e tristemente un ano máis, queremos recordar a todas e cada unha das vítimas mortais da violencia machista. Mulleres, nenos e nenas con nomes e apelidos, cunha vida por diante que foi truncada por unha violencia cruel exercida por homes que ás consideraron un obxecto da súa propiedade e que polo tanto dispuxeron da súa vida ao seu antollo. Por isto gritamos **¡basta xa!** O terrorismo machista é unha cuestión de todas e de todos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal do PSG-PSOE, PP, EU, BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

O Concelleiro non adscrito, di que se manifestará no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20).

ACÓRDASE: Aprobar o manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25 de novembro "Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres", transcrito anteriormente.

Para acceder ao debate e votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº04/CE/2017 (OBRA PRAZA DE ABASTOS) E DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO Nº03/CF/2017.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE DIVERSOS PRESTAMOS.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 18 de outubro de 2017 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 03/CF/2017** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo dos exercicios 2015 e 2016 así como de exercicios anteriores e afectas aos diferentes Anexos de investimentos por un importe global de **60.372,55€**.
- Expediente **Nº04/CE/2017** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **60.372,55€**.

Todos eles co fin de dar cobertura o seguinte proxecto de gasto:

APLICACIÓN	Nº OBRA	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
4312-63200	65/2017	ACOND. POSTOS EXTERIORES NA PRAZA DA VERDURA E IRBANIZACIÓN DO PASO INTERMEDIO	60.372,55	60.372,55	60.372,55
TOTAIS			60.372,55	60.372,55	60.372,55

O que se pretende con este expediente é dar a precisa cobertura orzamentaria e financeira as actuacións de acondicionamento de 3 postos exteriores na Praza da Verdura así como acometer a urbanización do paso intermedio entre ambas edificacións, actuación descritas no novo proxecto de referencia e que tal e como queda constatado no informe técnico do arquitecto municipal de data 18 de outubro de correntes, resultan de urxente execución.

Se trata de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria á maior brevidade posible co fin de axilizar o traslado aos afectados pola demolición do paso intermedio entre a praza de abastos e a praza da verdura, e para os que non se dotou crédito inicialmente no orzamento 2017.

Tendo en conta os sobrantes existentes como consecuencia do desestimento ou das baixas na adxudicación dos proxectos de gasto correspondentes aos exercicios 2015 2015 e 2016 co detalle exposto no **Anexo I** ao informe de Intervención **CV 265/2017** por un importe global de **60.372,55€**, e que constitúen medios e recursos afectados que poden financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente (**Ref. CV- 265/2017**), que existen excesos de financiamento nos proxectos indicados nos **Anexos I e II** por importe de **60.372,55€**.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Desistir expresamente dos proxectos e polos importes que de seguido se indica para poder dispoñer do crédito e do financiamento asignado aos mesmos:

Pro.	Eco.	Proxecto	DENOMINACIÓN	CRÉDITO PARA C.F.
4312	63200	2015 2 OBRA 18	MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE	41.950,04
		2015		41.950,04
			TOTAL CONCEPTO 87010	41.950,04

164	62300	2016 2 OBRA 12	SUBM. UTILLAXE CEMITERIOS MUNICIPAIS	4.961,20
132	62300	2016 2 OBRA 18	SUBMINISTRO SINALES VARIAS	13.461,31
		2016	TOTAL CONCEPTO 87010	18.422,51
		TOTAL		60.372,55

SEGUNDO: Aprobar o expediente nº 03/CF/2017 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **60.372,55€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no Anexo I do informe de Intervención CV 265/2017 do orzamento vixente.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 04/CE/2017 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **60.372,55€**, para atender os gastos derivados do seguinte Proxecto:

APLICACIÓN	Nº OBRA	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
4312-63200	65/2017	ACOND. POSTOS EXTERIORES NA PRAZA DA VERDURA E IRBANIZACIÓN DO PASO INTERMEDIO	60.372,55	60.372,55	60.372,55
TOTAIS			60.372,55	60.372,55	60.372,55

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes aos proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, ós que se cambia a finalidade do financiamento afectado procedente de diversos préstamo concertados pola Entidade nos exercicios 2015 e 2016 así como en anos anteriores, producíndose baixas polos importes e nas aplicacións indicadas no **Anexo I** do informe de Intervención CV 265/2017.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestimento expreso para os proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas.

Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO				
APLICACIÓN	Nº OBRA	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	nº préstamo	RLTGFA	APLICACIÓN
4312-63200	65/2017	2017	ACOND. POSTOS EXTERIORES NA PRAZA DA VERDURA E IRBANIZACIÓN DO PASO INTERMEDIO	60.372,55	OBRA Nº 01/18/2015 MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE	VARIOS PROXECTOS CERRADOS	V PROYECTOS	36.569,09	87010
					OBRA Nº 01/18/2015 MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE	PRÉSTAMO BBVA 2015	2015 / 1 / 313110	5.020,95	87010

	OBRA N° 01/12/2016 SUBM. UTILLAXE CEMITERIOS MUNICIPAIS	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2016 / 1 / 450579	4.961,20	87010
	OBRA N° 01/18/2016 SUBMINISTRO SINALES VARIAS	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2016 / 1 / 450579	13.461,31	87010
				60.012,55	
60.372,55				60.012,55	

QUINTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **N°03/CF/2017** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **N°04/CE/2017** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coa seguintes modificación orzamentaria, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2017, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SEXTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 18 de outubro de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario 04/CE/2017(Obra Praza de Abastos), así como de cambio de finalidade de financiamento afectado 03/CF/2017.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20).

ACÓRDASE: Aprobar o Expediente modificación de crédito por crédito extraordinario nº04/CE/2017 (obra Praza de Abastos) e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº03/CF/2017, transcrito anteriormente.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A RETIRADA DO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALIZA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, coa data de 18 de outubro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN SOLICITANDO A RETIRADA DO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALIZA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, de acordo e ao amparo do previsto no art. 46 da lei 7/85 de 2 de abril, regulado das Bases de Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal do BNG somete a consideración do pleno da corporación a seguinte proposta, para o seu debate en Pleno

Exposición de motivos

Vén de iniciar a tramitación parlamentaria o proxecto de Lei De Portos de Galiza. Unha norma que o que pretende é impoñer, aínda máis se cabe, a filosofía do mercado na súa xestión, que impón o seu modelo urbanístico aos concellos.

É unha lei claramente privatizadora dunha actividade económica e produtiva estratéxica. Na mesma chégase a afirmar literalmente, sen rubor, que a actividade pública se poría en marcha “sempre que sexa preciso para atender posibles deficiencias da iniciativa privada”. Non corrixe, e mesmo acentúa, as tensións privatizadoras ás que está sometido o sector.

Fica claro cal é a auténtica prioridade e a orientación ideolóxico-política que fundamenta este proxecto de lei. Dous claros exemplos disto son:

- Primeiro, escoller entre todas as figuras legais existentes a de “Entidade Pública Empresarial” para o organismo Portos de Galiza, e así ir laminando o carácter público do sector portuario.
- Segundo, ampliar o período de concesións de 30 a 50 anos.

Este proxecto de lei non cuestiona a distribución competencial. Porén, a xuízo do BNG, é unha oportunidade perdida para que Galiza saía beneficiada e poida deseñar a súa propia política en función dos seus intereses e potencialidades, sen inxerencias externas que couten o seu desenvolvemento. Resulta paradoxal que o texto recoñeza na súa exposición de motivos o peso económico e demográfico no ámbito costeiro, mais logo non questione os inxentes beneficios económicos que obtén o Estado da xestión e explotación dos portos galegos baixo a súa competencia. Os portos galegos “de interese xeral” Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao son un negocio moi rendíbel para o Estado e esta lei non contempla que eses recursos vaian reverter en Galiza.

No Título Preliminar xa apunta a filosofía profunda do estrito cumprimento da doutrina constitucional, e unicamente chega a esbozar un raquíto compromiso de elaborar unha relación de espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos que reúna as características recollidas no artigo 3.6 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro) para promover a segregación prevista no citado artigo e nos artigos 2.1, letra e) e 3.3 desta lei. Este é todo o compromiso esgrimido polo Goberno galego ante o lexítimo dereito a solicitar a transferencia dos portos de interese nacional como xa o teñen conseguido outras nacións do Estado.

Na definición realizada no Cap II. Dos portos e instalacións portuarias de Galiza do Título Preliminar vemos como estende a súa definición en determinados conceptos como de porto deportivo non só ao conxunto de augas que abarca, senón tamén aos espazos terrestres contiguos a estas obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da flota deportiva. Estas cuestións provocan un permanente conflito cos criterios medio ambientais, pero tamén de ocupación, dado que moitas veces as necesidades deportivas chocan cos intereses dos concellos de manter zonas de lecer, ou incluso en moitos casos entra en contradición co uso de praia. Debería ser ao revés, e o interese náutico-deportivo supeditarse a outros intereses colectivos e recreativos (uso da praia e litoral para baños, sendas e paseos).

Dentro do Cap. III, debería contemplarse como principio de unidade de xestión aquela levada a cabo polos portos de interese nacional, dado que é de sentido común que haxa unha coordinación naquelas cuestións que lle afecten as actividades prioritarias dos portos galegos. Esta lei unicamente esboza, retoricamente, que establecerá os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a cooperación e a colaboración na xestión entre os portos de competencia autonómica e os portos de interese do Estado, pero sen facer ningún tipo de concreción.

No Título II, relativo á planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade. Recupera a figura dos plans Directores de Infraestruturas e realiza unha análise da situación actual para a continuación definir as necesidades do porto nun horizonte mínimo de 5 anos. A pesar do seu carácter vinculante, a realidade é que se pode modificar por obras menores, por obras de recoñecida urxencia ou de excepcional interese público, debidamente apreciado polo Consello da Xunta. Tamén poderá modificar a Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios que moitos dos portos xa teñen aprobado, co cal seguirá sendo un instrumento totalmente moldeábel polo presidente ou goberno de turno.

En realidade é unha blindaxe ante a revisión ou modificacións dos instrumentos de ordenación municipal, xa que os mesmos non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación das competencias de explotación portuaria e, máis aínda, dado o seu suposto carácter supramunicipal, a superficie do sistema xeral non computará aos efectos de dotacións, cesións de aproveitamentos, reservas e equipamentos. Deste modo, os concellos ven eliminadas as súas competencias urbanísticas para ordenar o litoral e pór un pouco de sentido común para regularizar a fachada marítima. Portos, con esta lei pode, construír ata 12 metros de altura. E incluso vai máis lonxe ao determinar que a aprobación dos mesmos implicará, se é o caso, a necesidade de revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal co fin de integrar as determinación do planeamento sectorial portuario no planeamento urbanístico municipal. Así, non só poderán levar a cabo o que consideren convinte, senón que as competencias exclusivas das corporacións locais quedan á marxe do que estime Portos de Galiza, e no caso de planificar algo non contemplado no planeamento municipal será este último o que estará obrigado a realizar a súa adaptación.

Os concellos limitaranse a emitir informes non vinculantes. As obras e instalacións portuarias non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal (só serán susceptibles deste control e licencia aqueles que non sexan acordes cos usos portuarios que realice a administración portuaria directamente, isto é, ningún). E por suposto as obras de interese xeral portuario non poderán ser suspendidas en ningún caso pola autoridade urbanística competente.

No apartado dos portos náutico deportivos, séguese co modelo de crecemento infinito. Un modelo que alcanza xa as 15.300 prazas, sen conexión ningunha cos portos de interese xeral, cun criterio de acceso a prazas públicas unicamente pola orde de

solicitude ou dándolle preferencia ao tamaño. Esquécese o criterio de racionalidade en determinadas rías, ao non desenvolver medidas que poñan en valor a función social destas instalacións. Non se aposta pola recuperación das embarcacións tradicionais, nin por preservar o medio ambiente e os recursos mariños fronte ao negocio inversor.

Igualmente, non se lle dá un tratamento específico aos portos pesqueiros para que contén nos próximos 5-10 anos cunhas mínimas condicións, tendo en conta que supoñen unha actividade de máis de 170.000 toneladas descargadas. Tampouco contempla un plan para adecuar o sector mexilloeiro a un mínimo de servizos básicos, sendo este un sector estratéxico que conta cunhas descargas próximas as 200.000 toneladas, e no que nos encontramos con portos nos que teñen que fondear ou que carecen de pantaláns para realizar o atraque.

Por todo isto, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza a retirada inmediata do proxecto de Lei de Portos de Galiza.
2. Trasladar copia deste acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 18 de Outubro de 2017-10-18

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 14 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, os 6 votos en contra dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a retirada do proxecto de Lei de Portos de Galiza, transcrita anteriormente.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP RELATIVA AO ARRANXO E ACONDICIONAMENTO DE DIVERSOS LUGARES DE RUBIÁNS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, coa data de 18 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de outubro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Arranxo e acondicionamento de diversos lugares de Rubiáns”

EXPOÑEN

Os veciños de Rubiáns demandan un paquete de actuacións encamiñadas á mellora da accesibilidade, seguridade viaria e á comodidade para o tránsito de persoas e vehículos en diferentes puntos da parroquia.

Dado que Rubiáns é unha das moitas parroquias castigadas no reparto que fai, unilateralmente o goberno dos Fondos Feder, é preciso acometer un grupo de actuacións de maneira urxente que axudarán a mellorar o día a día dos veciños da zona.

Só fai falla dar unha volta polos lugares onde se solicitan melloras para comprobar que son de obrigado cumprimento, que son sinxelos de acometer e que, sabido o poder económico deste Concello, só é vontade política levalos a cabo.

Na Rúa do Picho é urxente asfaltar o vial, dado que presenta un firme roto e deteriorado na súa práctica totalidade, sendo esta unha vía que da servizo a diferentes fincas e propiedades.

O Camiño Pasamáns (que desemboca en Sentín-Perrón), un vial utilizado por moitos veciños e viandantes como ruta de paseo, que conecta Rubiáns con Cornazo e A Laxe, adolece de labouras de limpeza e mantemento. Asimesmo, os usuarios deste lugar piden puntos de luz no camiño, o que é máis demandado agora que entramos no outono/inverno, onde hai máis horas de escuridade. A seguridade ten que ser vital nesta zona.

Na curva do cemiterio (frente á igrexa de Santa Plácida), os veciños e usuarios do vial solicitan a instalación dunha sinal vertical de Stop, dado que son cotiás os sustos entre conductores ou entre conductores e peóns. A seguridade vial volve a ser escasa nunha zona de tránsito coma esta.

Do mesmo xeito, na Rúa Soutelo, demándase a colocación dun espello para facilitar a saída dos vehículos procedentes da Rúa Currunchu, posto que é considerado un punto de perigo por todos os usuarios e veciños.

Finalmente, o lavadoiro situado en Rubiáns, no lugar de Soutelo, hai tempo que clama por unha actuación de limpeza e acondicionamento, tanto do propio lavadoiro como da contorna, onde a maleza está desbocada.

É de recibo que os veciños de Rubiáns poidan obter estas sinxelas melloras, tan demandadas, á maior brevidade posible.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP

SOLICITA

- Asfaltar e acondicionar o firme da Rúa do Picho.
- Instalar puntos de iluminación no Camiño Pasamáns e acometer a limpeza do mesmo.
- Instalar un sinal de Stop na curva do cemiterio para evitar accidentes.
- Instalar un espello na Rúa Soutelo para evitar accidentes.
- Adecentar, limpar e acondicionar o lavadoiro de Soutelo e a súa contorna.

Asdo. Cholo Dorgambide – Concelleiro do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con 12 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, 8 abstencións dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa ao arranxo e acondicionamento de diversos lugares de Rubiáns, transcrita anteriormente.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A CORRECCIÓN DO PINTADO NOS PASOS PARA CICLISTAS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, coa data de 18 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de outubro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Corrección do pintado nos pasos para ciclistas”

EXPOÑEN

A decisión do goberno local do “Pintado de carril bici nos pasos de peóns”, tal e como se indica na comunicación oficial do Concello (publicación na páxina web municipal de data 26 de setembro de 2017) supón un grave risco para a integridade de peóns, ciclistas e condutores de vehículos a motor.

A chegada das primeiras chuvias constatou que esta decisión unilateral do goberno está mal executada e que en lugar de facilitar a convivencia entre ciclistas e peóns ou vehículos, é motivo de preocupación polos usuarios xa que a súa posta en práctica non é a axeitada.

Non parece a mellor solución pintar por riba da pintura xa existente para converter os pasos de peóns en auténticas pistas de patinaxe, situación que se agrava coa humidade e a auga de chuva e que pode multiplicar os riscos coa presenza de aceites ou elementos similares que restan todavía máis adherencia tanto para as persoas como para ciclos e vehículos.

O Partido Popular xa preguntou en sesión plenaria sobre as dúbidas da existencia de informes técnicos da Policía Local que avalasen esta iniciativa. Quedou claro pola resposta do goberno que non existían tales informes no momento do pintado dos pasos, o que evidencia a maneira deste goberno de afrontar asuntos tan delicados como a seguridade vial dos cidadáns.

Por desgraza xa se rexistraron os primeiros accidentes nestes pasos promovidos polo goberno, o que pon o foco de atención na falta de previsión, seguridade e lóxica na execución dos traballos. Por se estes motivos fosen poucos, existe un precedente que invita a pensar que non é a primeira vez que se tropeza con este tema. Hai meses, o goberno sorprendeu pintando pasos de peóns ós que lle faltaban algunhas das franxas. Díxose que era “para protexer ós motoristas de esvarar nestas franxas de pintura”. Pouco despois foron pintadas da maneira tradicional sen aportar moitas explicacións ó erro cometido.

O PP está recollendo nestes días o malestar e a preocupación de moitos usuarios, (viandantes, ciclistas, motoristas e conductores) que entenden que está mal executado e que é un perigo manifesto no que se poden rexistrar un número importante de accidentes. O sentido común dicta que é necesario rectificar o pintado dos pasos para ciclistas e desta forma garantir a súa seguridade, a dos peóns e a dos conductores.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP
SOLICITA

- Que de maneira inmediata se acometan os traballos precisos para modificar o actual pintado, mal executado, dos pasos para ciclistas, xa que a superficie existente de pintura xera unha situación de serio risco para os usuarios.

- Que se consensúe coa Policía Local os lugares idóneos para a colocación destes pasos e a execución do pintado dos mesmos e se soliciten os informes técnicos correspondentes.

Asdo. Cholo Dorgambide – Concelleiro do grupo municipal do PP.

Así mesmo con data 19 de outubro solicítase polo grupo político do PP copia dos informes existentes relativos ó pintado dos pasos de ciclistas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación.

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Arousa en Bici.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con 7 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP e Somos Maioría, 13 abstencións dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, EU e Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa á corrección do pintado nos pasos para ciclistas, transcrita anteriormente.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA AO ASENTAMENTO DA VESPA VELUTINA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE, coa data de 18 de outubro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: ASENTAMENTO DA VESPA VELUTINA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local

e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da vespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se ven desbordados por esta incontinxencia e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasa pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primaveira de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns faise imprescindible redobrar e vehiculizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) A potenciación da investigación faise imprescindible tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

b) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados neste combate, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de combate e control da praga.

c) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata á poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de combatela de aí que a formación específica do persoal que ten que combatela é tan fundamental como necesaria.

d) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un maior número de niños primarios posible co cal axudar no control de individuos.

Por iso, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia, presenta o Pleno a seguinte **moción**, instando o Goberno galego a:

1º) Incluír aos representantes do tecido asociativo apícola na Comisión de seguimento da problemática da velutina.

2º) Impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar liñas de investigación.

3º) Potenciar os esforzos da loita preventiva na primaveira para a máxima captura de raíñas.

4º) Desenvolver un programa de divulgación sobre a praga para a poboación en xeral, ademais dun programa específico para os centros de ensino.

5º) Pór en marcha un programa de formación para o persoal implicado no control e erradicación da praga.

6º) Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de outubro de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 14 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, 6 abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa ao asentamento da Vespa Velutina, transcrita anteriormente.

Para acceder ao debate e votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

-Auséntase da sesión plenaria a Sra. Mosquera Leal.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA Á LOITA CONTRA OS LUMES FORESTAIS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 18 de outubro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: LOITA CONTRA OS LUMES FORESTAIS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade

avanzada e coidadosa de sí mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgracias humanas sufridas durante estos días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descuido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilitación de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixadez na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os Concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con menguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno da Corporación dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, todos os niveis da administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.
- b) Cuantificar os danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- c) Poñer en marcha as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.
- d) Poñer en marcha a reforestación dos montes queimados, de xeito ordenado e promovendo a prantación de especies autóctonas.
- e) Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas de prevención e loita contra os incendios forestais.
- f) Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de outubro de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción.

Dáse conta na sesión Plenaria das seguintes enmendas:

1.- ENMENDA DE EU Á MOCIÓN DO PSG-PSOE RELATIVA Á LOITA CONTRA O LUMES FORESTAIS:

Engadir á proposta de acordo:

Primeiro instar á Xunta de Galicia a:

- 1- Democratizar o funcionamento do Consello Forestal Galego
- 2- Buscar un acordo Nacional Estratéxico de Gestión do Monte Galego que conte co consenso dos grupos políticos, sindicatos, patronal, organización sociais e propietarios forestais que marque un cambio na política agro-forestal.
- 3- Modificar -co consenso dos grupos políticos, sindicatos, patronal, organización sociais e propietarios forestais- o PLADIGA (Plan Forestal de Galicia e dos Plans de Loirta Contra o Lume) centrando o mesmo na prevención no canto da extinción no período de alto risco e garantindo a protección dos núcleos probocionais, parques naturais e reservas da biosfera.
- 4- Instar ao Consello Xeral do Poder Xudicial para que dote a Fiscalía dos medios técnicos, humanos e económicos necesarios para mellorar a investigación das causas dos lunes.
- 5- Elaborar plans de ordenación dos montes que contemplan a ordenación dos cultivos agrarios e forestais e a mobilización produtiva das terras, evitando o aumento da superficie ocupada por especies de medra rápida.
- 6- Poñer en marcha de xeito urxente plans de restauración e recuperación das zonas afectadas por incendios neste ano 2017 e nos últimos anos.
- 7- Converter o SPDCIF en servizo único e público de prevención e extinción de incendios forestais profesionalizado.
- 8- Presentar un Plan de Fomento de implantación de sectores industriais e empresariais que centren o seu traballo na transformación de produtos silvícolas e agropecuarios, na conservación de masas forestais e na prevención dos incendios.

Segundo: Instar ao goberno do Estado a derogar a Lei de Montes 42/2003, de 21 de novembro, modificada o 21 de xullo de 2015, e a respetar o carácter singular dos montes en man común de Galicia.

Terceiro: Dotar, de ser o caso,, o Concello de Vilagarcía de Arousa dun Observatorio Ambiental, onde se propoña unha política agro-forestal sustentábel e economicamente rendíbel para a sociedade.

Cuarto: Partindo do convencemento de que a privatización dos servizos de prevención e extinción dos incendios forestais leva consigo a eliminación de medios materiais, técnicos e humanos e un incremento nos custos de extinción que só beneficia a sectores especulativos, entendemos que os equipos de extinción deben estar baixo un mando único e depender na súa totalidade da Consellaría do Medio Rural. En consonancia, o Concello de Vilagarcía de Arousa esixiralle á Xunta con cargo aos fondos da Xunta de Galicia que asuma todos os labores de extinción de lumes, podendo o Concello acordar asumir baixo convenio os dedicados exclusivamente á prevención, e extinción procurando que ditos medios traballen durante todo o ano, especialmente nos meses de inverno e primavera.

Non supón a renuncia a intervención da Brigada Municipal de Emerxencias.

2.- ENMENDA DO BNG para modificar os apartados a) e f) da moción do PSG-PSOE

Instar á Xunta de Galiza á

Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

A)Conformar un grupo de traballo plural, que englobando a todas forzas políticas do parlamento de Galicia, as distintas administracións e axentes sectoriais e sociais implicados, promova as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural, das medidas preventivas necesarias e na loita contra o lume.

f) Solicitar ao goberno da Xunta e aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia que se comprometan de maneira unánime a apoiar un aumento continuado das partidas orzamentarias destinadas ao investimento para a posta en marcha destes acordos; todo elo coa

pretensión dun maior aproveitamento multifuncional do monte, da recuperación das especies autóctonas e a biodiversidade, e de consolidar unha estratexia galega contra o lume.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con 13 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, 6 abstencións dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á loita contra os lumes forestais.

Acórdase asimesmo aprobar as enmendas presentadas polo BNG e EU, neste último caso coa excepción do aptdo 3º que se retira.

Quedando o acordo plenario do seguinte xeito:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

a)Conformar un grupo de traballo plural, que englobando a todas forzas políticas do parlamento de Galicia, as distintas administracións e axentes sectoriais e sociais implicados, promova as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural, das medidas preventivas necesarias e na loita contra o lume.

b) Cuantificar os danos causados polo lume en Galicia no 2017.

c) Poñer en marcha as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.

d) Poñer en marcha a reforestación dos montes queimados, de xeito ordenado e promovendo a prantación de especies autóctonas.

e) Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas de prevención e loita contra os incendios forestais.

f) Solicitar ao goberno da Xunta e aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia que se comprometan de maneira unánime a apoiar un aumento continuado das partidas orzamentarias destinadas ao investimento para a posta en marcha destes acordos; todo elo coa pretensión dun maior aproveitamento multifuncional do monte, da recuperación das especies autóctonas e a biodiversidade, e de consolidar unha estratexia galega contra o lume.

1. Democratizar o funcionamento do Consello Forestal Galego

2. Buscar un acordo Nacional Estratéxico de Gestión do Monte Galego que conte co consenso dos grupos políticos, sindicatos, patronal, organización sociais e propietarios forestais que marque un cambio na política agro-forestal.

3. Instar ao Consello Xeral do Poder Xudicial para que dote a Fiscalía dos medios técnicos, humanos e económicos necesarios para mellorar a investigación das causas dos lumes.

4. Elaborar plans de ordenación dos montes que contemplan a ordenación dos cultivos agrarios e forestais e a mobilización produtiva das terras, evitando o aumento da superficie ocupada por especies de medra rápida.

5. Poñer en marcha de xeito urxente plans de restauración e recuperación das zonas afectadas por incendios neste ano 2017 e nos últimos anos.

6. Converter o SPDCIF en servizo único e público de prevención e extinción de incendios forestais profesionalizado.

7. Presentar un Plan de Fomento de implantación de sectores industriais e empresariais que centren o seu traballo na transformación de produtos silvícolas e agropecuarios, na conservación de masas forestais e na prevención dos incendios.

8. Instar ao goberno do Estado a derogar a Lei de Montes 42/2003, de 21 de novembro, modificada o 21 de xullo de 2015, e a respetar o carácter singular dos montes en man común de Galicia.

9. Dotar, de ser o caso,, o Concello de Vilagarcía de Arousa dun Observatorio Ambiental, onde se propoña unha política agro-forestal sustentábel e economicamente rendíbel para a sociedade.

10. Partindo do convencemento de que a privatización dos servizos de prevención e extinción dos incendios forestais leva consigo a eliminación de medios materiais, técnicos e humanos e un incremento nos custos de extinción que só beneficia a sectores especulativos, entendemos que os equipos de extinción deben estar baixo un mando único e depender na súa totalidade da Consellaría do Medio Rural. En consonancia, o Concello de Vilagarcía de Arousa esixiralle á Xunta con cargo aos fondos da Xunta de Galicia que asuma todos os labores de extinción de lumes, podendo o Concello acordar asumir baixo convenio os dedicados exclusivamente á prevención, e extinción procurando que ditos medios traballen durante todo o ano, especialmente nos meses de inverno e primavera.

Non supón a renuncia a intervención da Brigada Municipal de Emerxencias.

11. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

16. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=16>

17. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171026&punto=17>

E sen máis asuntos que tratar, ás 09:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.